

Mércores, 13 de febreiro de 2019

Núm. 31

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
REDONDELA**Oferta de emprego público***OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO 2019**ANUNCIO***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA PARA O ANO 2019**

O Sr. Alcalde ditou a resolución núm. 2019-0379, con data de 08/02/2019, pola que aprobou a oferta de emprego público do Concello de Redondela, dispoñendo que se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. En cumprimento da citada resolución, procédese á publicación da oferta de emprego público do Concello de Redondela para o ano 2019, cuxas prazas que se ofertan son as seguintes:

QUENDA LIBRE:

A) PERSOAL FUNCIONARIO						
<i>PRAZAS</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>Escala</i>	<i>Subescala</i>	<i>Clase</i>	<i>Categoría</i>	<i>Grupo-Sub-grupo</i>
1	Vixiante de obras	Admón. Especial	Servizos Especiais	Comet. Espec.	Vixiante	C2
9	Policía local*	Básica	Servizos Especiais	Policía local	Policía	C1

* 7 vacantes prodúcense por xubilación anticipada. O 25% das prazas resérvase ao procedemento de mobilidade (2 prazas).

B) PERSOAL LABORAL FIXO, A TEMPO PARCIAL			
<i>PRAZAS</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>Clase</i>	<i>Grupo-Subgrupo</i>
1	MESTRE/A DE PIANO (10 HORAS/SEMANAIS)	MESTRE/A	A2
2	MESTRES/AS DE PIANO (27 E 20HORAS/SEMANAIS)	MESTRE/A	A2

QUENDA PROMOCIÓN INTERNA:

A) PERSOAL FUNCIONARIO						
<i>PRAZAS</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>Escala</i>	<i>Subescala</i>	<i>Clase</i>	<i>Categoría</i>	<i>Grupo-Sub-grupo</i>
1	Administrativo/a	Admón. Xeral	Administra-tiva	—	—	C1
1	Oficial policía local	Básica	Servizos Especiais	Oficial	Policía	C1



Mércores, 13 de febreiro de 2019

Núm. 31

O prazo máximo para a execución dos correspondentes procesos selectivos será de 3 anos a contar dende a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

RECURSOS:

Contra o acordo de aprobación da oferta de emprego público, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO, ao abeiro do establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedentes conforme a Dereito.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

